

# Informe de accións de coordinación do Máster universitario en avogacía

CURSO 2014/2015

Informe de acción de coordinación do Máster universitario en avogacía

# Informe de accións de coordinación do Máster universitario en avogacía

## CURSO 2014/2015

Validado pola Comisión de Calidade o día 19 de outubro de 2015

---

### Índice

1. Información xeral .....	2
2. Coordinación .....	2
3. Xustificación e descrición do informe.....	2
4. Accións de coordinación .....	3
4.1. Reunións e actuacións de coordinación.....	3
4.2. Outras accións de coordinación desenvolvidas .....	8
4.3. Contido do informe: incidencias relevantes e accións de mellora.....	12
5. Conclusións.....	17

## Informe de acción de coordinación do Máster universitario en avogacía

### 1. Información xeral

Denominación do título	Máster universitario en avogacía pola Universidade de Vigo
Centro(s) onde se imparte o título	Facultade de Dereito (Campus de Ourense) e Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo (campus de Vigo e Pontevedra)
Curso de implantación	2013/2014 (non implantado en 2012/2013 na Facultade de Dereito por decisión da CAM do 10 de outubro de 2012)

### 2. Coordinación

Equipo coordinador do Máster universitario en avogacía	Coordinación académica e profesional e comisión académica do Máster universitario en Avogacía da Facultade de Dereito, complementados pola comisión de coordinación do Máster universitario en avogacía pola Universidade de Vigo
--	---

### 3. Xustificación e descrición do informe

O Convenio de colaboración académica entre a Universidade de Vigo e o Ilustre Colexio de Avogados de Ourense do 16 de maio de 2012 establece as funcións de:

- O coordinador/a académico
  - Aprobar un informe anual en que se detallen cantas incidencias tivesen lugar durante a impartición do programa formativo.
  - Supervisar a elaboración das guías docentes de cada un dos módulos formativos.
  - Elevarlle á comisión académica cantas propostas considere oportunas para o mellor funcionamento do plan formativo.
- O coordinador/a profesional
  - Elaborar a proposta do plan de prácticas e o seu cronograma.
  - Proponer a designación dos titores/as de prácticas.
  - Aprobar un informe anual en que se detallen cantas incidencias tivesen lugar durante a impartición do programa de prácticas.
  - Desenvolver e coordinar os 30 créditos ECTS correspondentes ás prácticas externas, conforme o establecido na lei e no regulamento de acceso, así como na memoria para a verificación do título do mestrado.
- A comisión académica do mestrado
  - Aprobar os horarios de docencia e as probas de avaliación.
  - Vixiar o cumprimento da actividade docente e académica.

## **Informe de acción de coordinación do Máster universitario en avogacía**

- Velar pola dispoñibilidade dos espazos.
- Seleccionar o estudantado admitido no programa e para bolsas ou estadias de mobilidade.
- Emitir un informe para o recoñecemento de competencias.
- Formular as demandas de recursos humanos e materiais.
- Elaborar e aprobar anualmente as guías docentes da titulación, a planificación docente anual (PDA), o cadro de profesorado da titulación, o cadro de titores/as de prácticas, o orzamento anual e calquera outra función relacionada coa formación prevista neste convenio e que non estea asignada legalmente a órganos da universidade e do Colexio de Avogados.
- A comisión de dirección do mestrado:
  - Exercer a representación institucional.
  - Informar os acordos e propostas formulados pola Comisión Académica.
  - Calquera proposta da Comisión Académica que non reciba o informe favorable da Comisión de Dirección, esixirá que a cuestión se decida tanto na Xunta de Centro da Facultade de Dereito, como na Xunta de Goberno do I.C.A. de Ourense.
  - Adoptar acordos nos supostos de empate nas votacións da CAM, conforme ao previsto no apartado seguinte.

Dada a peculiaridade do Máster universitario en avogacía pola Universidade de Vigo, título único impartido nos tres campus e adscrito a dous centros –as facultades de Dereito e Ciencias Xurídicas e do Traballo– e a tres colexios profesionais –os de Ourense, Pontevedra e Vigo–, constituíuse unha comisión de coordinación do Máster universitario en avogacía pola Universidade de Vigo conformada polos decanos/as, os coordinadores/as académicos do mestrado, un ou unha representante de cada colexio profesional e os secretarios/as das comisións académicas, co obxecto de avaliar e tomar decisións sobre as incidencias ou posibles discordancias que xurdan en todos os asuntos nos que sexa necesaria a coordinación entre centros aos efectos de implantación do sistema de garantía interna de calidade dos centros.

---

## **4. Accións de coordinación**

Durante o curso académico 2014/2015 realizáronse diversas actuacións de coordinación docente coa finalidade de mellorar o funcionamento do Máster Universitario en Avogacía, analizándose as incidencias xurdidas no desenvolvemento da docencia, na avaliación das materias e na realización das prácticas externas.

### **4.1. Reunións e actuacións de coordinación**

#### **1. Reunións e actuacións de coordinación de membros do equipo coordinador do Máster universitario en avogacía cos/coas representantes do alumnado –delegadas/os e subdelegadas/os–**

Durante o curso académico 2014/2015 realizáronse actuacións e reunións deste tipo, nas datas indicadas a continuación:

## Informe de acción de coordinación do Máster universitario en avogacía

- 16 de outubro de 2014: A coordinadora académica reuniuse cos estudantes de primeiro curso do Máster Universitario en Avogacía coa finalidade de que procederan a selección das/os delegadas/os de curso. A finalidade desta reunión era que se procedese a nomear aos representantes dos estudantes o máis axiña posible a fin de que puidesen canalizar as suxestións e queixas dos seus compañeiros nas reunións da Comisión Académica do Máster, as que son invitados con voz pero sen voto.
- 17 de outubro de 2014: A coordinadora académica reuniuse cos estudantes de segundo curso do Máster Universitario en Avogacía coa finalidade de que procederan a selección das/os delegadas/os de curso. A finalidade desta reunión era que se procedese a nomear aos representantes dos estudantes o máis axiña posible a fin de que puidesen canalizar as suxestións e queixas dos seus compañeiros nas reunións da Comisión Académica do Máster, as que son invitados con voz pero sen voto.
- Durante o curso académico 2014/2015, as/os delegadas/os de primeiro e segundo curso do Máster Universitario en Avogacía foron convidadas a reunión da Comisión, con voz e sen voto, de forma habitual, e sen prexuízo de poder puntualmente excluílos dalgún punto concreto cando se traten cuestións especialmente sensibles ou delicadas nas que non se considere adecuada a súa presenza na reunión.

### 2. Reunións e actuacións de coordinación de membros do equipo coordinador do Máster universitario en avogacía cos titores da materia de prácticas externas básicas (primeiro curso) e prácticas externas (segundo curso):

- 07/10/2014: reunión á que foron convocados os titores externos da materia Prácticas externas, por iniciativa do coordinador profesional do Máster Universitario en Avogacía e da coordinadora e titoras académicas da materia Prácticas Externas, de 2º curso, celebrada ás 19:00 h. no Salón de Actos do Ilustre Colexio de Avogados de Ourense, co obxecto de realizar un seguimento das prácticas desenvolvidas ata o momento e informar e aclarar dúbidas aos titores profesionais sobre o procedemento e os criterios de avaliación da materia Prácticas externas. Achégase acta da reunión como anexo I.
- O día 29 de xullo de 2015 celebrase unha reunión de coordinación de prácticas externas, coa finalidade de analizar o sistema de avaliación das materias de prácticas externas básicas (primeiro curso) e prácticas externas (segundo curso). Como resultado desta reunión acordouse modificar o Anexo III do Regulamento de Prácticas Externas. Achégase a acta desta reunión como anexo II.
- O día 25 de setembro de 2015, a Comisión Académica do Máster analizou as conclusións da citada reunión e aprobou, por asentimento, a modificación do Anexo III, Informe do titor da entidade externa, do Regulamento de Prácticas Externas, que se achega como anexo III.

### 3. Reunións e actuacións de coordinación de membros do equipo coordinador cos titores/as do plan de acción tutorial

- Durante o curso académico 2014/2015, a coordinadora da titulación realizou as seguintes actuacións de coordinación: O día 17/11/2014 enviouse un correo electrónico a todo o profesorado titor do PAT, onde se lle instaba a convocar ao estudantado titorizado a través de correo electrónico, con copia á coordinadora do máster, a unha primeira reunión inicial a celebrar antes do 30 de novembro de 2014. Achégase copia do correo electrónico como anexo IV.
- Os titores do PAT remitiron a coordinadora o Anexo III do PAT onde poñían de manifesto as suxestións e queixas transmitidas polos estudantes nas reunións que mantiveron con eles. A través dos referidos anexos transmitiuse de información esencial para desenvolver o plan de acción tutorial (PAT). Achégase os Anexos III dos titores do PAT como anexo V.

**Informe de acción de coordinación do Máster universitario en avogacía**

- O 2/12/2014, Comisión Académica do Máster analizou a información, queixas e suxestións do estudantado e acordou, por asentimento, elaborar un informe no que se reflectisen tanto as incidencias como as suxestións para, posteriormente, enviarllo a todo o profesorado académico do Máster. O Informe figura como Anexo VI do presente documento.
- O 12/2/2015 enviouse un correo electrónico a todo o profesorado titor do PAT, onde se lle instaba a convocar ao estudantado titorizado a través de correo electrónico, con copia á coordinadora do máster, a unha reunión de seguimento antes do día 6 de marzo. Achégase copia do correo electrónico como anexo VII.

**4. Reunións e actuacións de coordinación do coordinador/a profesional ou o coordinador/a das prácticas externas básicas e das prácticas externas e os titores/as académicos cos titores/as externos ou co alumnado implicado**

Durante o curso académico 2014-15 realizáronse, a iniciativa da coordinadora académica das materias Prácticas externas básicas e Prácticas externas e dos titores/as académicos, diversas actuacións conxuntas de coordinación cos titores/as externos e co alumnado implicado -algunhas no primeiro cuatrimestre respecto da materia Prácticas externas e outras no segundo cuatrimestre en relación coa materia Prácticas externas básicas-. As actuacións máis destacables desenvolvéronse nas seguintes datas:

**PRÁCTICAS EXTERNAS:**

- 07/10/2014: reunión á que foron convocados os titores externos da materia Prácticas externas, por iniciativa do coordinador profesional do Máster universitario en Avogacía e da coordinadora e titoras académicas da materia Prácticas Externas, de 2º curso, celebrada ás 19:00 h. no Salón de Actos do Ilustre Colexio de Avogados de Ourense, co obxecto de realizar un seguimento das prácticas desenvolvidas ata o momento e informar e aclarar dúbidas aos titores profesionais sobre o procedemento e os criterios de avaliación da materia Prácticas externas. Achégase acta da reunión como anexo VIII-.
- 16/10/2014: reunión á que foron convocados os alumnos matriculados na materia Prácticas externas por iniciativa da coordinadora e titoras académicas da materia Prácticas Externas, de 2º curso, celebrada ás 17:30 h. no Salón de Graos da Facultade de Dereito de Ourense, ao obxecto de realizar un seguimento das prácticas desenvolvidas ata o momento e correspondentes á materia Prácticas externas e informar ás e os estudantes sobre o procedemento e os criterios de avaliación das prácticas. Achégase acta da reunión como anexo IX-.
- 15/01/2015: remisión polo coordinador académico da materia Prácticas externas dun correo electrónico dirixido aos titores externos co obxecto de agradecer a súa colaboración como titoras/es profesionais no Máster universitario en Avogacía e lembrar-lles a súa obriga de remitir ao titor/a académico do estudante o Anexo III do Regulamento de prácticas externas para proceder á avaliación do mesmo e os criterios de avaliación. A tales efectos achegáronse en arquivo adxunto ao correo o anexo a encher e un documento explicativo cos criterios a valorar, en cumprimento da guía docente da materia e da ficha da memoria do título e solicitouse unha valoración o máis obxectiva posible pola súa banda. Xúntase a copia do correo remitido como anexo X-..
- 15/01/2015: remisión polo coordinador académico da materia Prácticas externas dun correo electrónico dirixido aos estudantes co obxecto de agradecer a súa boa disposición no desenvolvemento das prácticas e lembrar-lles a súa obriga de remitir ao titor/a académico o Anexo IV do Regulamento de prácticas externas e a Memoria das mesmas para proceder á avaliación do

## Informe de acción de coordinación do Máster universitario en avogacía

mesmo e recordándolles os criterios de avaliación. A tales efectos achegouse en arquivo adxunto ao correo o anexo a encher. Xúntase a copia do correo remitido como anexo XI..

### PRÁCTICAS EXTERNAS BÁSICAS

- 15/04/2015: remisión dun correo electrónico aos estudantes a través da plataforma de teledocencia faitic lembrándolles que, de acordo co Regulamento, para que a práctica quedase axeitadamente formalizada, o titor profesional, o titor académico e o estudante, debían subscribir a formalización da práctica (anexo II do regulamento) e que o documento debía estar depositado a disposición do coordinador de prácticas antes do comezo das prácticas. Xúntanse copias dos correos remitidos por faitic como anexo XII.
- 18/05/2015: primeira reunión de seguemento conxunto das prácticas á que foron convocados os alumnos matriculados na materia Prácticas externas básicas por iniciativa dos coordinadores académico e profesional da materia e dos titores académicas da materia de 1º curso, celebrada ás 16:00 h. na Sala de Videoconferencias da Facultade de Dereito de Ourense, ao obxecto de realizar o dito seguimento das prácticas desenvolvidas ata ese momento e informar ás e os estudantes sobre o procedemento e os criterios de avaliación das prácticas. Achégase acta da reunión co parte de firmas e os anexos correspondentes como anexo XIII. A convocatoria remitiuse por faitic o 13 de maio. Xúntanse copias dos correos remitidos por faitic como anexo XII.
- 25/05/2015: ante a dificultade de consensuar data para unha reunión no Ilustre Colexio de Avogados á que foran convocados os titores externos da materia Prácticas externas básicas e dado que na súa maioría foran xa titores profesionais no máster, optouse pola coordinadora académica da materia e o coordinador profesional do máster por remitir un correo electrónico co obxecto de r informar aos titores profesionais sobre o procedemento e os criterios de avaliación da materia e quedar a súa disposición para clarear calquera dúbida. Achégase a copia do correo remitido como anexo XIV.
- 01/06/2015: remisión polo coordinador académico da materia Prácticas externas básicas dun correo electrónico dirixido aos titores externos co obxecto de agradecer a súa colaboración como titoras/es profesionais no Máster universitario en Avogacía e lembrarllles a súa obriga de remitir ao titor/a académico do estudante o Anexo III do Regulamento de prácticas externas para proceder á avaliación do mesmo e os criterios de avaliación. A tales efectos achegáronse en arquivo adxunto ao correo o anexo a encher e un documento explicativo cos criterios a valorar, en cumprimento da guía docente da materia e da ficha da memoria do título e solicitouse unha valoración o máis obxectiva posible pola súa banda. Xúntase a copia do correo remitido como anexo XV.
- 01/06/2015: remisión polo coordinador académico da materia Prácticas externas dun correo electrónico dirixido aos estudantes co obxecto de agradecer a súa boa disposición no desenvolvemento das prácticas e lembrarllles a súa obriga de remitir ao titor/a académico o Anexo IV do Regulamento de prácticas externas e a Memoria das mesmas para proceder á avaliación do mesmo e recordándolles os criterios de avaliación. O correo remitiuse a través da plataforma virtual faitic. Xúntanse copias dos correos remitidos por faitic como anexo XII.
- 16/06/2015: elaboración polos titores académicos da materia Prácticas externas básica y remisión aos coordinadores académico e profesional do máster dun Informe de incidencias co fin de dar cumprimento ao compromiso asumido polos titores, de acordo co art.º 13 do Regulamento, de velar polo normal desenvolvemento do proxecto formativo, facer un seguimento efectivo das prácticas, levar a cabo o proceso avaliador de acordo co propio regulamento e informar ao órgano responsable das prácticas externas na universidade das posibles incidencias xurdidas. O informe ten como obxectivo servir de complemento aos informes que aos coordinadores do máster lles corresponde

## Informe de acción de coordinación do Máster universitario en avogacía

elaborar, e recoller as incidencias que se formularon no desenvolvemento da materia Prácticas externas básicas e que foron postas de manifesto polos alumnos nas Memorias presentadas para a súa avaliación aos titores académicos, co fin de que se prevexan dende a coordinación e a Comisión académica do máster, se é o caso, as accións de mellora que se considere oportunas. Tamén incorpora algunhas propostas de mellora suxeridas polos propios titores. Achégase copia do informe remitido á coordinación como anexo XVI e do correo remitido aos alumnos a través de faitic dando publicidade ao contido do informe como anexo XII.

- 14/07/2015: revisión polos titores académicos da materia Prácticas externas básica y remisión aos coordinadores académico e profesional do máster do Informe de incidencias elaborado o 16/06/2015 coa finalidade de recoller as incidencias que se formularon no desenvolvemento da materia Prácticas externas básicas e que foron postas de manifesto na convocatoria de xullo e as correspondentes propostas de mellora. Achégase copia do informe revisado remitido á coordinación como anexo XVII.

### 5. Reunións e actuacións de coordinación do coordinador/a do traballo de fin de máster co alumnado ou cos titores/as implicados

Durante o curso académico 2014/2015 realizáronse un total de X reunións deste tipo, nas datas indicadas a continuación:

- 10/9/2014: reunión da Comisión Académica do Máster na que se aproba a normativa para elaborar o Traballo Fin de Mestrado do Máster Universitario en Avogacía da Universidade de Vigo (Campus de Ourense) e o anexo IV, acta do Tribunal do Traballo Fin de Máser.
- Setembro 2014: reunión do coordinador do Traballo Fin de Máster cos estudantes ao fin de explicarlles o contido y estrutura do mesmo.
- 22/1/2015: reunión do Tribunal avaliador dos TFM, coa finalidade de establecer o horario, estrutura e distribución das sesións nas que tería lugar a defensa dos TFM na convocatoria ordinaria. Achégase como Anexo XVIII.
- 5/3/2015: reunión do Tribunal avaliador dos TFM, coa finalidade de establecer o horario, estrutura e distribución das sesións nas que tería lugar a defensa dos TFM na convocatoria adiantada de xullo. Achégase como Anexo XIX.

### 6. Reunións e actuacións de coordinación da comisión académica do Máster universitario en avogacía nas que se traten incidencias acontecidas durante a impartición do programa formativo ou durante a impartición do programa de prácticas

Durante o curso académico 2014/2015 analizáronse incidencias deste tipo, nas reunións da Comisión Académica do Máster nas datas sinaladas a continuación:

- 29/9/2014: toma de decisión en relación coa recuperación das obrigas docentes en caso de goce de permisos e licencias do profesorado. Achégase como Anexo XX a Acta da reunión da Comisión Académica do Máster.
- 2/12/2014: toma de decisión en relación coas incidencias relativas á docencia. Achégase como Anexo XXI a Acta da reunión da Comisión Académica do Máster.
- 26/1/2015: análise e toma de decisión sobre o informe das incidencias relativas á docencia. Achégase como Anexo XXII a Acta da reunión da Comisión Académica do Máster.



## Informe de acción de coordinación do Máster universitario en avogacía

- 16/6/2015: decisión sobre o adianta da convocatoria de xullo da materia Práctica Laboral para o día 26 de xuño. Achégase como Anexo XXIII a Acta da reunión da Comisión Académica do Máster.

### 7. Reunións de coordinación da Comisión de Coordinación do Máster en Avogacía da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo de Vigo e da Facultade de Dereito.

A normativa sobre a composición e funcionamento da Comisión de Coordinación do Máster en Avogacía da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo de Vigo e da Facultade de Dereito foi aprobada pola Xunta de Facultade de Dereito o día 17 de decembro de 2014. Achégase como Anexo XXIV a normativa.

Durante o curso académico 2014/2015 realizouse unha reunión deste tipo, o día 10 de xuño de 2015 coa seguinte finalidade:

- Coordinación das guías docentes
- Análise dos resultados do PAT
- Análise dos resultados académicos
- Análise dos recursos humanos asignados á docencia
- Análise da información pública do título
- Establecemento de medidas de coordinación entre os centros.

### 8. Reunións e actuacións de coordinación dos/as responsables de coordinación das materias co profesorado que as imparte

- Ao longo de todo o curso académico as/os responsables de coordinación das materias mantiveron unha comunicación permanente co profesorado que as impartiu para trasladar a información, os resultados, as queixas e as suxestións achegadas tanto polo propio alumnado como polo equipo de coordinación do mestrado, algún profesorado ou mesmo o coordinador/a do título. O obxectivo principal foi consensuar as distintas decisións para garantir unha axeitada planificación da materia e asegurar un desenvolvemento equilibrado e coordinado desta.
- 4/9/2014: a coordinadora da titulación solicita as/os coordinadoras/es de materia a elaboración do cronograma da materia, con distribución dos docentes e contidos. Para isto, os coordinadores de materia levan a cabo actuacións e reunións de coordinacións cos docentes da materia, tanto profesores da universidade como letrados. Xúntase a copia do correo remitido como anexo XXV.
- Despois de finalizar o período de docencia da materia, a/o responsable de coordinación da materia reuniuse con todo o profesorado para realizar as cualificacións do estudantado e coordinar a elaboración das actas correspondentes.
- 15/1/2015: a secretaria da titulación solicita as/os coordinadoras/es de materia a elaboración do cronograma da materia, con distribución dos docentes e contidos. Para isto, os coordinadores de materia levan a cabo actuacións e reunións de coordinacións cos docentes da materia, tanto profesores da universidade como letrados. Xúntase a copia do correo remitido como anexo XXVI.
- Despois de finalizar o período de docencia da materia, a/o responsable de coordinación da materia reuniuse con todo o profesorado para realizar as cualificacións do estudantado e coordinar a elaboración das actas correspondentes.

## 4.2. Outras accións de coordinación desenvolvidas

## **Informe de acción de coordinación do Máster universitario en avogacía**

Descríbanse outras accións que o centro realizará para mellorar a coordinación das ensinanzas de mestrado impartidas neste centro.

### **1. Actuacións de coordinación desenvolvidas pola Comisión de Garantía da Calidade da Facultade de Dereito**

Durante o curso académico 2014/2015 a Comisión de Garantía da Calidade da Facultade de Dereito desenvolveu, entre outras, as seguintes accións en relación coa coordinación da titulación de máster universitario en avogacía:

- 10/07/2014: Revisión previa á aprobación pola Xunta de Facultade das guías docentes do máster para o curso académico 2014-2015. Acórdase propor a coordinación do máster universitario en avogacía que se revisen as competencias das guías, para que se correspondan coas fichas da memoria e propor a Xunta de Facultade que non se aproben as guías docentes ata que non se corrixan, delegándose a súa aprobación na Comisión Permanente. Achégase como Anexo XXVII a Acta da Comisión de Garantía da Calidade.
- 23/07/2014: Revisión e validación do Informe de alegacións, comentarios ou aclaracións ao informe provisional de revisión de seguimento do máster universitario en avogacía do curso 2012-2013 , e proposta de accións. Achégase como Anexo XXVIII a Acta da Comisión de Garantía da Calidade.
- 10/10/2014:
  - Informar favorablemente a creación dunha Comisión de coordinación do máster universitario en avogacía pola Universidade de Vigo e a elaboración por unha comisión mixta de traballo do seu regulamento de réxime interno.
  - Validación do Informe de accións de Coordinación do curso 2013-14 e da proposta de melloras en relación coas accións de coordinación para o curso 2014-15.
  - Revisión e validación da proposta de Plan de promoción.
  - Revisión e validación da proposta de Plan operativo de información pública e rendemento de contas da Facultade de Dereito.
  - Toma de decisión en orden a instar aos departamentos que verifiquen cos centros as obrigas docentes do profesorado antes de conceder os permisos por asuntos propios e, no seu caso, cando resulte posible, a recuperación de obrigas docentes.
  - Toma de decisión en relación con posibles medidas a adoptar para mellorar o índice de participación de profesorado e alumnado nas enquisas de satisfacción das titulacións. Achégase como Anexo XXIX a Acta da Comisión de Garantía da Calidade.
- 24/10/2014: Revisión e validación do autoinforme final de seguimento da titulación de máster universitario en avogacía pola Universidade de Vigo. Achégase como Anexo XXX a Acta da Comisión de Garantía da Calidade.
- 7/11/2014:
  - Validación dos Modelo guía de Informe de accións de coordinación da titulación de máster universitario en avogacía
  - Análise dos resultados das enquisas de satisfacción da titulación, dos resultados das enquisas de avaliación docente e dos resultados e indicadores académicos, e validación do Informe anual de resultados do centro do curso 2013-14 .

## Informe de acción de coordinación do Máster universitario en avogacía

- Validación do Informe final de resultados do Plan de melloras do curso 2013-2014.
- Validación do Plan de melloras do centro para o curso 2014-15 o do Plan de melloras do máster universitario en avogacía.
- Validación da normativa de composición e funcionamento da comisión de coordinación do máster universitario en avogacía.  
Achégase como Anexo XXXI a Acta da Comisión de Garantía da Calidade.
- 02/03/2015:
  - Validación dos obxectivos do plan de estudos da titulación de máster universitario en avogacía.
  - Informar sobre a conveniencia de que a Comisión Académica do máster aprrobe un procedemento de selección do profesorado externo do máster e valore a oportunidade de incorporar un 10% de xuíces e fiscais como docentes do máster.  
Achégase como Anexo XXXII a Acta da Comisión de Garantía da Calidade.
- 27/03/2015:
  - Validación das actuacións previstas en relación co procedemento de elaboración de guías docentes para o curso 2015-16 para preparar a titulación para o proceso de acreditación.
  - Validación das actuacións previstas para a promoción do centro e da titulación de máster universitario en avogacía, incluída a promoción a través do curso 3.5 dirixido a estudantes de terceiro do Grao en Dereito.
  - Validación das actuacións previstas para a cooperación con institucións e empresas.
  - Validación das actuacións previstas para facilitar a mobilidade dos estudantes.  
Achégase como Anexo XXXIII a Acta da Comisión de Garantía da Calidade.
- 08/05/2015: Toma de decisións en relación co procedemento de elaboración das guías docentes.  
Achégase como Anexo XXXIV a Acta da Comisión de Garantía da Calidade.
- 08/07/2015: Apróbanse as guías que figuran en verde no informe de revisión das guías elaborado pola coordinadora, apróbanse as guías docentes que figuran en amarelo, sen prexuízo de recomendar aos profesores que fagan as correccións indicadas e apróbanse as guías docentes que figuran en vermello, condicionadamente a que se fagan as correccións no prazo de 24 horas. Acórdase que se nese prazo non se fan as correccións indicadas as guías non serán aprobadas e poranse en marcha as consecuencias previstas no Procedemento para o seguimento e o control da docencia da Facultade de Dereito, capítulo 2 Planificación docente e aprobación das guías docentes in fine: "A inobservancia inxustificada das recomendacións realizadas polo coordinador, cando sexan substanciais a xuízo da comisión de calidade e poidan causar prexuízos ao alumnado, será tida en conta para a avaliación da actividade docente do profesorado do centro e, se así se estima pertinente, será motivo de comunicación oficial ao departamento correspondente e, se é o caso, ao vicerreitorado de Organización Docente e Profesorado". Achégase como Anexo XXXV a Acta da Comisión de Garantía da Calidade.
- 23/07/2015:
  - Revisión do desenvolvemento do plan de mellora do máster universitario en avogacía. Acórdase acometer as cuestións aínda pendentes.
  - Validación das seguintes propostas: (i) Asignación do profesorado-titor do PAT da Facultade de Dereito para o curso 2015/2016; (ii) Xornadas de acoillida no máster universitario en

## Informe de acción de coordinación do Máster universitario en avogacía

avogacía; (iii) Inclusión na web do máster universitario en avogacía dun novo enlace “Profesión” con información sobre a proba de avaliación da aptitude profesional para o exercicio da avogacía. Durante o curso académico 2014/2015, as/os delegadas/os de primeiro e segundo curso do Máster Universitario en Avogacía foron convidados/as a reunión da Comisión, con voz e sen voto, de forma habitual, e sen prexuízo de poder puntualmente excluílos dalgún punto concreto cando se traten cuestións especialmente sensibles ou delicadas nas que non se considere adecuada a súa presenza na reunión.

Achégase como Anexo XXXVI a Acta da Comisión de Garantía da Calidade.

### 2. Actuacións de formación desenvolvidas coa colaboración da Facultade de Dereito

Durante o curso académico 2014/2015 a Facultade de Dereito colaborou, entre outros, na organización das seguintes accións formativas dirixidas fundamentalmente ao seu alumnado:

- “CURSO INGLÉS XURÍDICO”. DATA: 2,3,4,9 Y 10 DE XUÑO de 2015. HORARIO: 12h a 14h. LUGAR: FACULTADE DE DEREITO
- “LIGA DE DEBATE”. DATA: DECEMBRO DE 2014. LUGAR: FACULTADE DE DEREITO.
- “SEMINARIO SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS, E-ADMINISTRACIÓN E EXPEDIENTE ELECTRÓNICO NA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA”. DATA: 18 DE XUÑO DE 2015. HORARIO: 16 A 20:30. LUGAR: FACULTADE DE DEREITO
- “CURSO 3.5: CURSO DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA PARA ESTUDANTES DO TERCEIRO CURSO DO GRADO EN DEREITO”. DATA: 16 ABRIL DE 2015. LUGAR: FACULTADE DE DEREITO
- “CURSO DE MEDIACIÓN, SAUDE E LEI”. DATA: 4,5, 8 Y 9 DE XUÑO DE 2015. LUGAR: FACULTADE DE DEREITO
- “CURSO INGLÉS XURÍDICO BÁSICO”. DATA: TODOS OS XOVES, DO 30 DE OUTUBRO DE 2014 A 26 DE MARZO DE 2015. LUGAR: FACULTADE DE DEREITO
- “JUSTICIA, PRENSA Y SOCIEDAD”. DATA: 15 A 19 DE XUÑO DE 2015. LUGAR: FACULTADE DE DEREITO
- “I JORNADAS SOBRE LA PRESUNCIÓN DE INOCENCIA Y LA REFORMA DE LA JUSTICIA PENAL”. DATA: 14 DE ABRIL, 7 Y 21 DE MAIO DE 2015. LUGAR: FACULTADE DE DEREITO
- “CUESTIÓN LABORÁIS POLÉMICAS EN 2015”. DATA: 12 DE MARZO DE 2015. LUGAR: FACULTADE DE DEREITO
- “EL DOMINIO PÚBLICO HIDRÁULICO”. DATA: 24,25 Y 26 DE NOVIEMBRE. LUGAR: FACULTADE DE DEREITO
- “SEMINARIO INTERNACIONAL HISPANO-BRASILEÑO, SOBRE SOCIEDAD, DERECHOS HUMANOS Y MEDIO AMBIENTE”. DATA: 4 Y 5 DE DICIEMBRE DE 2014. LUGAR: FACULTADE DE DEREITO
- MÓDULO JEAN MONNET 2015: “LIBRE CIRCULACIÓN DE TRABALLADORES E MERCADO DE EMPREGO EUROPEO”. DATA: TODOS OS VENRES DO 30 DE XANEIRO A 20 DE MARZO. LUGAR: FACULTADE DE DEREITO
- MÓDULO JEAN MONNET: “SEMINARIO TALLER: EMPREGO NA UNIÓN EUROPEA”. DATA: 2 Y 3 DE OUTUBRO DE 2014. LUGAR: FACULTADE DE DEREITO
- “II COLOQUIO INTERNACIONAL DE INVESTIGADORES DE DERECHO”. DATA: VENRES, 6 DE MARZO DE 2015. LUGAR: FACULTADE DE DEREITO

## Informe de acción de coordinación do Máster universitario en avogacía

- “JORNADA DE DERECHO COLABORATIVO Y NEGOCIACIÓN”. DATA: 12 DE DCEMBRO DE 2012. LUGAR: FACULTADE DE DEREITO
- CICLO DE CONFERENCIAS: “ASPECTOS PRÁCTICOS DE LAS JURISDICCIONES CONTENCIOSA-ADMINISTRATIVA Y SOCIAL”. DATA: 27 DE NOVEMBRO DE 2014. LUGAR: FACULTADE DE DEREITO
- MÓDULO JEAN MONNET: “SEMINARIO-OBRAOIRO: EMPREGO NA UNIÓN EUROPEA”. DATA: 11 DE XUÑO DE 2015. LUGAR: FACULTADE DE DEREITO
- “SEMINARIO INTERNACIONAL DE CONCLUSIONES: LA MEDIACIÓN COMO MÉTODO DE PACIFICACIÓN SOCIAL”. DATA: 22 Y 23 DE SEPTEMBRO DE 2014. LUGAR: FACULTADE DE DEREITO

### 4.3. Contido do informe: incidencias relevantes e accións de mellora

#### 4.3.1. Actuacións e incidencias mais relevantes

A continuación relataranse, por orden cronolóxico, as incidencias que se plantexaron durante o curso 2014/2015 no Máster da Avogacía, así como as accións de mellora que se levaron a cabo dende a Coordinación e a Comisión Académica do Máster.

1. O día 6 de xuño de 2014, seguindo o calendario aprobado pola Xunta de Facultade o día 22 de maio de 2014, a coordinadora do Máster envioulle un correo electrónico a todo o profesorado responsable das materias no mestrado. Nel comunicábaselle o calendario de elaboración das guías docentes, así como algunhas orientacións para ter en conta. Neste proceso de elaboración, os coordinadores/as de materia/módulo, unha vez editadas as guías docentes, remitíronllas á coordinadora do mestrado para revisalas.

Tras a revisión, o día 27 de xuño de 2014, a coordinadora envioulles unha folla coas incidencias detectadas aos coordinadores/as de materia/módulo. Abriuse outra vez un período de edición. Unha vez rematado, a coordinadora revisou as guías docentes por segunda vez para resolver algunhas incidencias, ben directamente, ben solicitando a colaboración dos/as responsables das materias. Concluído o proceso de elaboración, a coordinadora remitiulle as guías docentes a Comisión de Garantía Interna de Calidade, para a súa revisión. O día 10 de xullo de 2014 foron aprobadas pola Comisión Académica do Máster Universitario en Avogacía, aínda que condicionando a aprobación á subsanación dos erras detectados pala Sra. Coordinadora e pala Comisión de Garantía de Calidade. Unha vez finalizado o proceso de revisión, a coordinadora remitiulle as guías docentes ao decanato para aprobalas.). Cómpre destacar a participación e o traballo do profesorado no proceso de realización das guías.

2. Setembro de 2014 – elaboración e finalización do informe de seguimento do título de Máster Universitario en Avogacía. Este informe realizouse de forma consensuada polas coordinadoras académicas do Máster da Facultade de Dereito e da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo. baixo a dirección da Vicedecana de Planificación e Calidade da Facultade de Dereito.
3. O día 4 de setembro de 2014, a coordinadora da titulación solicita as/os coordinadoras/es de materia a elaboración do cronograma da materia, con distribución dos docentes e contidos. Para isto, os coordinadores de materia levan a cabo actuacións e reunións de coordinacións cos docentes da materia, tanto profesores da universidade como letrados.

**Informe de acción de coordinación do Máster universitario en avogacía**

4. O día 25 de setembro de 2014 celebrouse a Xornada de Acolida dos estudantes de primeiro curso do Máster Universitario en Avogacía cos obxectivos de:
  - a. Facilitar ao estudante o tránsito dende o grao ao posgrao.
  - b. Presentar ao estudante o Máster en Avogacía da Facultade de Dereito.
  - c. Dar a coñecer ao estudante os recursos e ferramentas ao seu dispor na Universidade de Vigo e, en concreto, na Facultade de Dereito.
5. O día 7 de outubro de 2014, o coordinador profesional do Máster Universitario en Avogacía e a coordinadora e titoras académicas da materia Prácticas Externas, de 2º curso, convocan unha reunión aos titores externos da materia Prácticas externas. Esta reunión celebrouse ás 19:00 h. no Salón de Actos do Ilustre Colexio de Avogados de Ourense, co obxecto de realizar un seguimento das prácticas desenvolvidas ata o momento e informar e aclarar dúbidas aos titores profesionais sobre o procedemento e os criterios de avaliación da materia Prácticas externas.
6. O día 10 de outubro de 2014, a Comisión de Garantía de Calidade informa favorablemente a creación dunha Comisión de coordinación do Máster universitario en Avogacía pola Universidade de Vigo e a elaboración por unha comisión mixta de traballo, se procede, do seu regulamento de réxime interno.
7. Os días 16 e 17 de outubro de 2014, a coordinadora académica reuniuse cos estudantes de primeiro e segundo curso do Máster Universitario en Avogacía coa finalidade de que procederan a selección das/os delegadas/os de curso. A finalidade desta reunión era que se procedese a nomear aos representantes dos estudantes o máis axiña posible a fin de que puidesen canalizar as suxestións e queixas dos seus compañeiros nas reunións da Comisión Académica do Máster, as que son invitados con voz pero sen voto.
8. O día 17 de outubro de 2014, a Xunta de Facultade aproba o Plan de Acción Titorial do centro para o curso 2014/2015, que integra todos os Plans de Acción Titorial do centro nun único documento. Este texto do Plan de Acción Titorial nace con vocación de continuidade, así nos próximos cursos só se modificará a distribución dos estudantes entre os titores.

Entre as actuacións de apoio e seguimento que se prevé que realice o titor, establécese a obriga de programar, polo menos, dúas reunións anuais co seu grupo de estudantes a iniciativa do propio titor:

- unha inicial para toma de contacto e detección de necesidades especiais
- outra de seguimento, cando o curso estea máis avanzado, para o seguimento dos estudantes titorizados.

Prevese tamén a posibilidade doutras reunións, a petición do alumnado.

9. O día 17 de novembro de 2014, a Coordinadora Académica do Máster envioulle un correo electrónico a todo o profesorado titor do PAT, onde lles instaba a convocar ao estudantado titorizado a través de correo electrónico. Todos os titores enviaron á Coordinadora a copia do correo electrónico no que convocaban aos estudantes titorizados.
10. O día 15 de xaneiro de 2015, a secretaria da titulación solicita as/os coordinadoras/es de materia a elaboración do cronograma da materia, con distribución dos docentes e contidos. Para isto, os coordinadores de materia levan a cabo actuacións e reunións de coordinacións cos docentes da materia, tanto profesores da universidade como letrados.
11. O día 12 de febreiro de 2015, a coordinadora académico enviou un correo electrónico o profesorado titor do PAT, onde se lle instaba a convocar ao estudantado titorizado a través de correo electrónico, para unha reunión de seguimento. Todos os titores enviaron á Coordinadora a copia do correo electrónico no que convocaban aos estudantes titorizados.



## **Informe de acción de coordinación do Máster universitario en avogacía**

12. O día 29 de xullo de 2015 celebrase unha reunión de coordinación de prácticas externas, coa finalidade de analizar o sistema de avaliación das materias de prácticas externas básicas (primeiro curso) e prácticas externas (segundo curso). Como resultado desta reunión acordouse modificar o Anexo III do Regulamento de Prácticas Externas.
13. O día 25 de setembro de 2015, a Comisión Académica do Máster analizou as conclusións da citada reunión e aprobou, por asentimento, a modificación do Anexo III, Informe do titor da entidade externa, do Regulamento de Prácticas Externas.

### **4.3.2. Informe anual da Coordinadora académica do Máster**

Na súa reunión de 9 de setembro de 2015, a Comisión Académica do Máster aprobou o informe anual da Coordinadora no que se detallan cantas incidencias haxan ter lugar durante a impartición do programa formativo. Achégase o informe como anexo XXXVII.

### **4.3.3. Informe anual do Coordinador Profesional do Máster.**

Na súa reunión de 9 de setembro de 2015, a Comisión Académica do Máster aprobou o informe anual da Coordinadora no que se detallan cantas incidencias haxan ter lugar durante a impartición do programa formativo. Achégase o informe como anexo XXXVIII.

### **4.3.4. Informe anual da Coordinadora académicas e os titores académicos das materias de Prácticas externas básicas (primeiro curso) e prácticas externas (segundo curso).**

A Coordinadora académica e os titores académicos da materia de Prácticas externas básicas (primeiro curso) e Prácticas externas (segundo curso) elaboraron dous informes co fin de dar cumprimento ao compromiso asumido, de acordo co art. 13 do Regulamento de Prácticas externas, de velar polo normal desenvolvemento do proxecto formativo, facer un seguimento efectivo das prácticas, levar a cabo o proceso avaliador de acordo co propio regulamento e informar ao órgano responsable das prácticas externas na universidade das posibles incidencias xurdidas.

Tal e como se sinalan expresamente nos informes, estes teñen como obxectivo servir de complemento aos informes que os coordinadores do máster elaboran e recollen as incidencias que se suscitaron no desenvolvemento das materias Prácticas externas básicas e Prácticas externas e que foron postas de manifesto polos alumnos nas Memorias presentadas para a súa avaliación aos titores académicos, a fin de que se prevexan desde a Coordinación e a Comisión académica do máster, no seu caso, as accións de mellora que se consideren oportunas,, aínda que tamén se deixa constancia de que a maioría dos alumnos non manifestaron incidencia algunha.

Ase mesmo, se incorporan algunhas propostas de mellora suxeridas polos propios titores para evitar os problemas que tiveron durante os cuatrimestres nos que se desenvolveron as prácticas, relativas á designación de titores académicos, data de finalización do prazo de entrega de actas e avaliación dos titores profesionais-. Achéganse os informes como anexo XVI e XVII.

### **4.3.5. Informe da coordinadora sobre o plan de acción tutorial (PAT).**

## Informe de acción de coordinación do Máster universitario en avogacía

Concepto: o Plan de acción tutorial (PAT) da Facultade de Dereito configúrase como o instrumento a través do cal se diseña o contido e a execución das distintas accións relativas á tutoría universitaria para as titulacións do centro. Responde á implantación do «DO-0203 P1: procedemento: orientación ao estudantado», que constitúe en si mesmo o rexistro R1-DO0203 P1 deste. Préstaselle unha especial atención ao estudantado de novo ingreso, de cara a favorecer a súa integración na vida universitaria, a mellorar o seu rendemento académico e a atender as súas necesidades formativas e informativas, e ao que está rematando os seus estudos, para facilitarlle a preparación para a actividade profesional ou o inicio á investigación. O PAT supón apostar por un modelo educativo no que conflúen xunto coa vertente académica, orientada á transmisión de coñecementos, funcións socioeducativas, máis centradas no desenvolvemento persoal do/a estudante e baseadas en relacións recíprocas e interaccións titor/a-alumno/a, alumno/a-alumno/a etc. Preténdese, así, ir consolidando unha liña de acción tutorial coherente coas necesidades do estudantado, que normalice as distintas accións e acade un axeitado equilibrio entre as expectativas do alumnado e os obxectivos que se expoñen no marco do espazo europeo de educación superior. Trata de garantir a adecuación dos métodos de ensinanza, aprendizaxe e avaliación, a adquisición de competencias do alumnado, a atención á diversidade, a orientación á aprendizaxe, a procura dunha igualdade de xénero...

O PAT aprobado pola Xunta de Facultade o 17 de outubro de 2014 prevé que o profesorado titor asesorará o seu alumnado de primeiro e segundo ao longo de todo o curso académico mediante a programación de polo menos dúas reunións anuais por iniciativa do propio titor/a co seu grupo de estudantes, unha inicial para a detección de necesidades especiais e outra de seguimento ao longo do curso. Ambas as dúas reunións entre titor/a-alumno/a teñen carácter preceptivo para o titor/a, que debe convocar os titorizados/as, pero son de carácter voluntario para o alumnado, que pode asistir ou non. Así mesmo, a titora ou titor poderá reunirse co alumnado, a iniciativa do titor ou do propio alumnado, en calquera momento do curso. O estudantado deberá solicitar unha reunión para concretar a data e a hora. O seguimento realizarase principalmente a través de pequenos grupos, e nos casos que sexa necesario de forma individual. Para facilitar o seguimento establecerase un rexistro a través dunhas fichas de seguimento das reunións do grupo de estudantes tutelado.

O alumnado e o profesorado implicado no PAT cumprirán as enquisas de avaliación do grao de satisfacción. Así mesmo, as titoras e titores informarán o coordinador/a da titulación das dificultades, incidencias, queixas, suxestións ou problemas detectados nas reunións mantidas co estudantado.

1. O día 17/11/2014 enviouse un correo electrónico a todo o profesorado titor do PAT, onde se lle instaba a convocar ao estudantado titorizado a través de correo electrónico, con copia á coordinadora do máster, a unha primeira reunión inicial a celebrar antes do 30 de novembro de 2014, para a presentación do titor e do PAT, a detección de necesidades especiais e interesarse polo desenvolvemento do curso, co fin de recadar información que permita a mellora da titulación. Xúntase como anexo IV copia do correo electrónico.

Na reunión inicial mantida entre o profesorado titor e o alumnado puxéronse de manifesto as seguintes dificultades, incidencias, queixas, suxestións ou problemas: Os estudantes do Máster Universitario en Avogacía, nas reunións mantidas cos seus respectivos titores do Plan de Acción Tutorial, puxeron de manifesto unha serie de incidencias tanto polo que respecta á docencia impartida, ata agora, polo profesorado académico do Máster -non formularon ningunha queixa en relación ao profesorado profesional-, como polo que se refire ao desenvolvemento das probas de avaliación. Ditas incidencias xunto con algunha suxestión que os propios estudantes transmitiron aos seus respectivos titores do PAT foron comentadas na Comisión Académica do Máster na súa reunión de 2 de decembro de 2014. E respecto diso, a Comisión adoptou o Acordo, por asentimento, elaborar un informe no que se reflectisen tanto as incidencias como as suxestións



## Informe de acción de coordinación do Máster universitario en avogacía

para, posteriormente, enviarlo a todo o profesorado académico do Máster. Informe que figura como anexo VI do presente documento.

2. O día 12/2/2015 remitiúselle un novo correo electrónico o profesorado titor, onde se lle instaba a convocar ao estudantado titorizado a través de correo electrónico, con copia á coordinadora do máster, a unha reunión de seguimento. Xúntase como anexo VII copia do correo electrónico.

Os titores/as informaron o coordinador/a da titulación das seguintes incidencias ou problemas detectados nas reunións mantidas co estudantado: Os titores transmitiron á coordinadora que as clases do máster experimentaran unha gran melloría desde a primeira reunión. Así, por exemplo, estaban a facer moitos test nas clases, que lles permitían avaliar os seus coñecementos de face ao exame de acceso á avogacía.

### 4.3.6. Accións de mellora

- Importancia de que os estudantes do máster poidan optar a máxima cualificación se non se someten ao sistema de avaliación continua. Polo tanto, faise necesario establecer o mesmo sistema de avaliación nas materias impartidas durante o período formativo no mestrado, facilitando que o estudantado poida elixir entre acollerse a avaliación continua ou exame final.
- Importancia de facilitar aos titores externos a avaliación da materia de prácticas externas básicas (primeiro curso) e prácticas externas (segundo curso). Con esta finalidade, ponse de manifesto a necesidade de modificar o anexo III – Avaliación do titor da entidade externa, para facilitar a avaliación dos titores.
- Necesidade de fixar os exames nun día distinto ao da finalización da materia. Os estudantes puxeron de manifesto no PAT o problema que lles ocasionaba para a preparación da materia que o exame tivera lugar nas dúas últimas horas do día no que remataban a docencia.
- Necesidade de ampliar a información da páxina web, cun apartado relativo a profesión onde se recollan todos os datos relativos ao exame de acceso a profesión, así como os exames e as respostas das convocatorias anteriores.
- Necesidade de establecer un procedemento de selección do profesorado externo do máster, para garantir que na selección dos mesmos atendese a criterios obxectivos.
- Tras a difusión dos resultados das enquisas de satisfacción do alumnado e do profesorado pola Área de Apoio á Docencia e Calidade da Universidade de Vigo, programáronse reunións para analizar os ditos datos a través das correspondentes gráficas, a través fundamentalmente do seguimento do título, e para analizar as principais incidencias, suxestións, debilidades e puntos fortes coa finalidade de establecer as accións de mellora oportunas ou fomentar as boas prácticas.
- A importancia de verificar e aclarar a posibilidade de compatibilizar as prácticas curriculares con bolsas para a realización de prácticas, como as becas do Banco Santander que obtiveron varios estudantes durante o presente curso académico e que empregaron para a realización de prácticas extracurriculares.
- A oportunidade de que se publique adecuadamente na web, nos prazos oportunos, toda a información sobre a oferta de despachos dispoñibles, os despachos asinados, o nome e asignación de titores académicos –e non só profesionais.

### Informe de acción de coordinación do Máster universitario en avogacía

- A conveniencia de que no cronograma e plan de prácticas que elabore o coordinador profesional quede reflectida a posibilidade de que os alumnos poidan ser avaliados das materias de Prácticas externas básicas e Prácticas externas na segunda oportunidade de avaliación e que poidan continuar as prácticas, se non as completaron a tempo para a primeira oportunidade de avaliación, máis allá da fecha inicialmente prevista.
- A necesidade de que o plan de prácticas que se aprobe se adapte a fecha de finalización de entrega de actas, pois este ano produciuse un importante desaxuste que nos obrigou a facer unha dilixencia múltiple nas actas, ao concluír a fecha de finalización de entrega de actas antes do transcurso dos sete días hábiles que, dende a finalización das prácticas, o regulamento recoñécelle aos estudantes para a entrega da memoria ao seu titor académico, polo que todos os estudantes que non puideron ser avaliados no prazo de entrega de actas figuraron inicialmente con un “non presentado”, procedéndose catro días despois á rectificación das súas cualificacións.
- A insistencia na esixencia de unha valoración máis equitativa por parte dos titores profesionais, pois se ben é certo que as cualificacións moderáronse, foi moi lixeiramente, e aínda prodúcense algúns supostos nos que a cualificación do titor en todos os ítems sigue sendo de 10 o próxima ao 10, o cal contrasta en ocasións có escaso interese que o estudante mostra na elaboración da memoria de prácticas.
- A conveniencia de baremar os ítems do Anexo III para dar maior peso ao desenvolvemento das competencias e habilidades necesarias para o exercicio da profesión de avogado”, a fin de axustarse ao preceptuado no art. 15.2 b) do Regulamento, segundo o cal “O titor/a da entidade externa avaliará as competencias concretas que a/o estudante debe adquirir segundo a guía docente, valorando especialmente o desenvolvemento das competencias e habilidades necesarias para o exercicio da profesión de avogado, ítem do anexo III no que se representan as demais competencias.”

---

## 5. Conclusións

A través das actas das reunións da comisión académica do mestrado, das reunións mantidas co alumnado, profesorado, titores/as das prácticas externas e titores/as dos traballos de fin de mestrado, o equipo de coordinación vén cumprir co establecido no Convenio de colaboración entre a Universidade de Vigo e o Ilustre Colexio de Avogados de Ourense. Ademais, proporciónaselles á Comisión de Garantía de Calidade e ao decanato da Facultade de Dereito información relevante para implantar o sistema de garantía interno da calidade do centro no Máster universitario en avogacía, tanto en relación coas incidencias que teñen xurdido como cos plans de mellora que se levan a cabo.

Da análise das accións realizadas para garantir a coordinación (tanto horizontal como vertical) no Máster universitario en avogacía extráense as seguintes conclusións en relación cos principais problemas detectados polo equipo coordinador do mestrado:

- Importancia do PAT como medio para coñecer de primeira man as suxerencias, queixas e felicitacións do estudantado.

## Informe de acción de coordinación do Máster universitario en avogacía

- Necesidade de establecer o mesmo sistema de avaliación nas materias impartidas durante o período formativo no mestrado, facilitando o estudiantado a opción entre a avaliación continua ou exame final.
- Necesidade de modificar o anexo III – Evaluación do titor da entidade externa, para facilitar a avaliación dos titores.
- Necesidad de fixar os exames nun día distinto ao da finalización da materia. Os estudantes puxeron de manifesto no PAT o problema que lles ocasionaba para a preparación da materia que o exame tivera lugar nas dúas últimas horas do día no que remataban a docencia.
- Necesidade de ampliar a información da páxina web, cun apartado relativo a profesión onde se recollan todos os datos relativos ao exame de acceso a profesión.
- Necesidade de establecer un procedemento de selección do profesorado externo do máster.
- Tras a difusión dos resultados das enquisas de satisfacción do alumnado e do profesorado pola Área de Apoio á Docencia e Calidade da Universidade de Vigo, e tras o seu análise exhaustivo e comparativo coa titulación de Máster universitario en avogacía pola Universidade de Vigo impartida na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo e cos resultados totais por rama de coñecemento do ámbito das ciencias sociais e xurídicas e da Universidade de Vigo, programaranse reunións para analizar os ditos datos a través das correspondentes gráficas, a través fundamentalmente do seguimento do título, e para analizar as principais incidencias, suxestións, debilidades e puntos fortes coa finalidade de establecer as accións de mellora oportunas ou fomentar as boas prácticas.

Data: 15/10/2015

Sinaturas:



Coordinadora do Máster



Coordinadora de Prácticas externas



Coordinador do Traballo Fin de Máster